

- \* ARACELI HERRERO FIGUROA, *ESTUDOS SOBRE A OBRA DE EMILIA PARDO BAZÁN E RECOMPILACIÓN DE DISPERSOS*, LUGO, SERVICIO DE PUBLICACIONES, DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, 2004, (195 PÁGS.).

Baixo o título *Estudios sobre a obra de Emilia Pardo Bazán e recopilación de dispersos*, Araceli Herrero Figueroa realiza, como anuncia no prólogo, unha “compilación (...) que integra estudos inéditos e outros publicados en diferentes medios”, que agora se editan con formato de volume unha vez revisados e actualizados, proxecto que confirma o seu labor arredor da investigación da obra de Emilia Pardo Bazán.

A primeira característica do volume é, pois, a súa heteroxeneidade, xa que cada un dos capítulos remite a un novo e diferente estudo. Porén, a obra consegue unidade a través da súa estrutura formal: cada un dos seis capítulos nos que está dividida: “Emilia Pardo Bazán, crítica de Rosalía”, “A muller galega ante as torres de Meirás”, “Sobre a discutibel lusofilia de Emilia Pardo Bazán”, “Pardo Bazán e o cinema. *Los Pazos de Ulloa*, hipertexto”, “Paredes Núñez e o Corpus contístico de Emilia Pardo Bazán” e “Aportación ao estudo da crítica galega. Emilia Pardo Bazán nos diarios lucenses *Diario de Lugo* e *El Regional*”, presentan a mesma construción. Deste modo, o estudo dun determinado tema precede sempre ao texto disperso e rescatado das páxinas da prensa (lucense en varias das ocasións) que se transcribe ao final do capítulo. E cada un dos estudos conferidos en cada capítulo realízase sobre un corpus claramente delimitado ao que o texto disperso se vén sumar asumindo, pois, unha nova funcionalidade dentro do conxunto.

Así, apartados como “A muller galega desde as Torres de Meirás”, céntranse na análise da personaxe feminina e rural galega en catro das coleccións de contos que Emilia Pardo Bazán editou, examinados conxuntamente co artigo “La gallega” e co texto “Para la mujer” (recollido por primeira vez nas páxinas de *El Rexional*). Trázase así un perfecto esbozo da concepción da muller rural galega descrita pola condesa, que serve como adecuado complemento á lectura que realizou en 1976 Teresa Cook<sup>1</sup>, sobre as protagonistas femininas das novelas de Pardo Bazán, e completa deste xeito os capítulos “El

<sup>1</sup> Cook, Teresa, *el Feminismo en la novela de la Condesa de Pardo Bazán*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, 1976.

campesino gallego: su universo material y espiritual” de *La Realidad Gallega en los cuentos de Emilia Pardo Bazán*<sup>2</sup> e “Cuentos rurales”, pertencente ao volume de *Los cuentos de Emilia Pardo Bazán*<sup>3</sup>, ambos da autoría de Juan Paredes Núñez.

Tamén atopamos este sistema de estudo no capítulo que reseña a compilación realizada polo mesmo profesor en 1990, *Cuentos Completos de Emilia Pardo Bazán*, á que acompañan catro novos relatos incluídos en diferentes xornais, e que Araceli Herrero non se limita a transcribir senón que os sitúa e analiza á luz da produción da autora xa recompilada.

No capítulo III de *Estudios sobre a obra de Emilia Pardo Bazán*, o texto disperso e transcrito utilízase para introducir unha reflexión acerca do delicado tema da lusofilia de Emilia Pardo Bazán, bastante esquecido pola crítica dada a súa complexidade, e ao que Araceli Herrero contribúe con novas reflexións para o seu acercamento. Igualmente, o capítulo I do volume, “Emilia Pardo Bazán crítica de Rosalía”, fai acopio do artigo “Parrafeo c’o pobo galego”, recompilado de *O Tío Marcos da Portela* que completa o corpus que Araceli Herrero fixa para introducirse no estudo de Emilia Pardo Bazán como crítica de Rosalía. E coa mesma estrutura, o capítulo “Pardo Bazán e o cinema. *Los Pazos de Ulloa*, hipertexto”, inclúe o artigo “De Películas” aparecido en *La Esfera cinematográfica*. Neste apartado, Araceli Herrero, confronta as novelas *Los Pazos de Ulloa* y *La Madre Naturaleza* coa serie que Gonzalo Suárez realizara en 1985 para Televisión Española, asumindo o filme como unha nova lectura contemporánea que, en parte, se varía en tanto en canto está dirixida ao espectador do século XX.

Talvez sexa o último dos capítulos do volume “Aportación ao estudo da crítica galega. Emilia Pardo Bazán nos xornais lucenses *Diario de Lugo* e *El Rexional*” outro dos elementos que actúan dando na maior consistencia a este volume, xa que nos fala da relación da escritora con estes dous xornais directamente relacionados coa figura de Aureliano J. Pereira e dos cales se extractan algúns dos textos dispersos dos capítulos anteriores e a edición de “El certamen de composición musical. Discurso de Doña Emilia Pardo Bazán” que se recolle ao final deste capítulo. O estudo é, como se indica, un achegamento a este tema e debuxa o terreo para unha futura investigación,

<sup>2</sup> Paredes Núñez, Juan, *La realidad gallega en los cuentos de Emilia Pardo Bazán*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1983.

<sup>3</sup> Paredes Núñez, Juan, *Los cuentos de Emilia Pardo Bazán*, Granada, Universidad de Granada, 1979.

sen dúbida, unha das máis urxentes para a crítica pardobazaniana dado o seu descoñecemento.

Péchase, pois, con este capítulo a compilación de estudos recollidos neste volume no que se tocan as facetas da condessa como “narradora, conferenciante, xornalista e crítica literaria” e no que tamén se observa súa relación coa intelectualidade portuguesa e galega do momento, ademais de asistir ás novas lecturas da súa obra por parte de creadores e tamén de lectores e investigadores aos que Araceli Herrero se suma, presentando un traballo que demostra unha atenta e multidisciplinar mirada cara á obra de Emilia Pardo Bazán, que se traduce no propósito de difundir textos pouco coñecidos da escritora aos que fai dotar de nova vida e significación introducíndoos, analizándoos e encaixándoos no vasto mundo da produción pardobazaniana.

**(P. C. M.)**